

## PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE CAMBADOS PERÍODO 2021-2022-2023

### 1. XUSTIFICACIÓN

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, configura na súa Exposición de Motivos, como un dos seus obxectivos o dotar de maior transparencia a xestión do gasto público subvencional, fin que redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia, e engade, a necesidade de elaborar, a tal fin, un Plan Estratéxico de Subvencións, que conecte os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións, coas previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento, e de forma plurianual.

Dita necesidade concrétase como obrigación no art. 8 da citada lei, e supéditase en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

A regulación do devandito Plan abórdase nos arts. 10 a 15 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo, estima que os Plans Estratéxicos de Subvencións constitúen un requisito esencial cuxo cumprimento esixe que sexa formalizado externamente e cun contido que o faga identificable como tal, por reflectir polo menos os extremos aos que alude o art. 8.1 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

### 2. COMPETENCIA

A aprobación, modificación, e revisión do presente Plan corresponde á Alcaldía, sobre a base das competencias residuais que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) no seu artigo 21.1 s) e atendendo ao seu carácter programático.

### 3. NATUREZA XURÍDICA DO PLAN

De acordo co sinalado no apartado 3, do art. 12 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral



de Subvencións, o Plan ten carácter programático e non crea dereitos nin obrigacións para esta Entidade Local, respecto de eventuais beneficiarios.

#### 4. ESTABLECEMENTO DE SUBVENCIÓNS

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación das Ordenanzas que conteñan as bases reguladoras e/ou convocatorias da súa concesión.

O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as bases reguladoras e/ou convocatorias da súa concesión acomodaranse en cada momento aos devanditos obxectivos.

Con carácter previo ao outorgamento de subvencións, debe de efectuarse a aprobación do gasto conforme ás Bases de Execución do Orzamento, polo órgano, en cada caso competente, así como da norma; bases reguladoras e/ou convocatoria, ou Convenio, que regule os termos das mesmas.

#### 5. PRINCIPIOS XERAIS DO PLAN

Son principios xerais deste Plan os seguintes:

- Publicidade e libre concorrência mediante convocatoria previa na que se garanta a obxectividade, transparencia, publicidade e concorrência e igualdade na distribución de fondos públicos, iso sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar coa debida consignación orzamentaria previa.
- Concesión conforme a criterios obxectivos previamente establecidos na convocatoria a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.
- Eficacia no cumprimento dos obxectivos marcados e eficiencia na asignación de recursos públicos, debéndose xustificar cuantitativa e cualitativamente.
- Control e análise da adecuación dos fins das entidades solicitantes aos principios de igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

#### 6. ÁMBITO TEMPORAL

O ámbito temporal do presente Plan abarcará o período comprendido entre 2021 e 2023.



## 7. BENEFICIARIOS

Esta Entidade Local concederá subvencións a favor de persoas físicas e entidades privadas, co obxecto de fomentar a realización das actividades de utilidade pública ou interese social, así como para promover a consecución dos fins públicos atribuídos á competencia desta Entidade Local, que se recollen no presente Plan.

## 8. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

### 8.1. De carácter xeral

O Plan debe servir para racionalizar a xestión das subvencións outorgadas por esta Entidade Local, dotándoa da necesaria planificación, coordinación e dun tratamento común, proporcionando transparencia e información adecuada aos cidadáns sobre o conxunto de subvencións que se pretenden conceder ao seu amparo.

O Plan trata de promover a participación da cidadanía da Entidade Local, a través dos obxectivos estratéxicos do mesmo, incidindo naqueles aspectos que dificultan o acceso dos cidadáns aos servizos públicos municipais e aos dereitos que se derivan da súa condición de cidadán desta Entidade Local.

Trata así mesmo de fomentar e apoiar o asociacionismo veciñal, no desenvolvemento de actividades que complementen e/ou suplan as competencias desta Entidade Local, promocionando a efectiva participación dos cidadáns e das asociacións que os agrupen, na vida política, económica, cultural e social da Entidade Local.

### 8.2. De carácter específico

Se explicitan en cada liña de subvención que se contempla no presente Plan, onde se determinan os efectos que se pretenden obter e o impacto na consecución dos obxectivos estratéxicos do Plan que se espera.

## 9. LIÑAS DE SUBVENCIÓN

As liñas de subvención que se contemplan no presente Plan son as que a continuación se enumeran e desenvolven:

### LIÑA 1. PROMOCIÓN SOCIAL

#### 1. Área de competencia e sectores destinatarios.

As actividades a financiar correspóndense con servizos ou actividades de utilidade pública ou interese social que complementan ou suplen as atribuídas á competencia local, de conformidade co disposto nos artigos 25.2, e) e 72 da Lei 7/1985, do 2 de



Os destinatarios serán asociacións e entidades benéfico-asistenciais sen ánimo de lucro

*2. Obxectivos e efectos que se pretenden alcanzar.*

Mellorar as condicións de vida dos colectivos mais necesitados, principalmente as persoas maiores, discapacitados, inmigrantes, persoas sen fogar ou en risco de exclusión social, drogodependentes, etc.

*3. Prazo consecución.*

Mediante convocatorias públicas de subvencións anuais e convenios anuais (no caso das previstas nominativamente), durante a vixencia do presente Plan.

*4. Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento.*

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	LIÑA DE SUBVENCIÓN	CUSTE ANUAL PREVISTO	FINANCIAMIENTO	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN
2310.48900	PROMOCIÓN SOCIAL	27.000,00 €	Fondos propios con cargo á aplicación sinalada	Concorrenca competitiva
2310.48901	PROMOCIÓN SOCIAL	18.000,00 €	Fondos propios con cargo á aplicación sinalada	Nominativa-Convenio

*5. Plan de actuación*

O plan de actuación require a elaboración e aprobación das correspondentes bases das convocatorias, e os correspondentes convenios de colaboración, que deberán ser promovidos polo departamento xestor do gasto.

As Bases Reguladoras e/ou correspondentes convocatorias redactaranse e aprobaranse dentro do segundo semestre do exercicio económico.

**LIÑA 2. EDUCACIÓN**

*1. Área de competencia e sectores destinatarios.*

As actividades a financiar correspóndense con servizos ou actividades de utilidade pública ou interese social que complementan ou suplen as atribuídas á competencia local, de conformidade co disposto nos artigos 25.2, e), l), n) e 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Os destinatarios serán as asociacións sen ánimo de lucro (ANPAS) e o alumnado do Concello de Cambados.

*2. Obxectivos e efectos que se pretenden alcanzar.*



Esta liña abarca os seguintes ámbitos de actuación:

- Axudas á veciñanza para estudos (bolsas de ensino): destinadas a colectivos con carencias económicas, co obxecto de paliar os gastos que supón a escolarización pública, ensinanzas artísticas e a formación universitaria en familias con menos recursos económicos do Concello de Cambados.
- Transferencias para actividades complementarias de educación: van dirixidas a fomentar as actividades complementarias (a realizar no termo municipal de Cambados) de educación en xeral, mediante a colaboración co gasto nas actividades realizadas polas distintas asociacións do Concello (ANPAS) ao obxecto de facilitar e achegar as actividades complementarias a toda a poboación.

### 3. Prazo consecución.

Mediante convocatorias públicas de subvencións anuais durante a vixencia do presente Plan.

### 4. Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	LIÑA DE SUBVENCIÓN	CUSTE ANUAL PREVISTO	FINANCIAMIENTO	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN
3200.48100	EDUCACIÓN	27.000,00 €	Fondos propios con cargo á aplicación sinalada	Concurrencia competitiva
3260.48900	EDUCACIÓN	5.000,00 €	Fondos propios con cargo á aplicación sinalada	Concurrencia competitiva

### 5. Plan de actuación

O plan de actuación require a elaboración e aprobación das correspondentes bases das convocatorias, que deberán ser promovidos polo departamento xestor do gasto.

As Bases Regulatoras e/ou correspondentes convocatorias redactaranse e aprobaranse dentro do segundo semestre do exercicio económico.

## LIÑA 3. CULTURA E FESTEXOS

### 1. Área de competencia e sectores destinatarios.

As actividades a financiar correspóndense con servizos ou actividades de utilidade pública ou interese social que complementan ou suplen as atribuídas á competencia local, de conformidade co disposto nos artigos 25.2. l), m) e 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Regulatora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Os destinatarios serán asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan as actividades obxecto das subvencións.

### 2. Obxectivos e efectos que se pretenden alcanzar.



Teñen por obxecto financiar as actividades de promoción da cultura e a participación dos distintos colectivos poboacionais en tódolos ámbitos da vida social e cultural (actos folclóricos e musicais, seminarios, excursións de contido cultural, cursos .....), co fin de fomentar a cultura popular e o arte.

### 3. Prazo consecución.

Mediante convocatorias públicas de subvencións anuais e convenios anuais (no caso das previstas nominativamente), durante a vixencia do presente Plan.

### 4. Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	LIÑA DE SUBVENCIÓN	CUSTE ANUAL PREVISTO	FINANCIAMIENTO	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN
3330.48901	CULTURA E FESTEXOS	5.000,00 €	Fondos propios con cargo á aplicación sinalada	Nominativa-Convenio
3340.48900	CULTURA E FESTEXOS	7.000,00 €	Fondos propios con cargo á aplicación sinalada	Concorrenca competitiva
3340.48901	CULTURA E FESTEXOS	1.500,00 €	Fondos propios con cargo á aplicación sinalada	Nominativa-Convenio
3370.48900	CULTURA E FESTEXOS	5.000,00 €	Fondos propios con cargo á aplicación sinalada	Concorrenca competitiva
3380.48100	CULTURA E FESTEXOS	2.000,00 €	Fondos propios con cargo á aplicación sinalada	Concorrenca competitiva
3380.48900	CULTURA E FESTEXOS	5.000,00 €	Fondos propios con cargo á aplicación sinalada	Concorrenca competitiva

### 5. Plan de actuación

O plan de actuación require a elaboración e aprobación das correspondentes bases das convocatorias, e os correspondentes convenios de colaboración, que deberán ser promovidos polo departamento xestor do gasto.

As Bases Reguladoras e/ou correspondentes convocatorias redactaranse e aprobaranse dentro do segundo semestre do exercicio económico.

## LIÑA 4. DEPORTE

### 1. Área de competencia e sectores destinatarios.

As actividades a financiar correspóndense con servizos ou actividades de utilidade pública ou interese social que complementan ou suplen as atribuídas á competencia local, de conformidade co disposto nos artigos 25.2. 1) e 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).



Os destinatarios serán asociacións e entidades sen ánimo de lucro que realicen e promovan a práctica deportiva.

### 2. *Obxectivos e efectos que se pretenden alcanzar.*

Favorecer a realización de actividades deportivas no Municipio, apoiar a todo tipo de Entidades Públicas ou Privadas que programen ou realicen actividades de carácter deportivo, para a celebración de competicións ou eventos deportivos e fomento da actividade deportiva. Campionatos e eventos deportivos nos que participen ou desenvolvan os clubs ou asociacións que teñan este carácter ou entre os seus obxectivos, considerándose subvencionables os gastos de seguros, arbitraxes, transportes, premios, vestiario, equipamento... e en xeral os gastos que respondan a natureza da actividade subvencionada.

Preténdese con esta liña acadar un incremento de persoas que se inscriban nas diferentes Federacións deportivas, que se realice un maior número de competicións a nivel municipal así como a realización de máis actividades e eventos deportivos no Municipio.

### 3. *Prazo consecución.*

Mediante convocatorias públicas de subvencións anuais durante a vixencia do presente Plan.

### 4. *Costos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento.*

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	LIÑA DE SUBVENCIÓN	CUSTE ANUAL PREVISTO	FINANCIAMENTO	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN
3410.48900	DEPORTE	72.000,00 €	Fondos propios con cargo á aplicación sinalada	Concurrencia competitiva

### 5. *Plan de actuación*

O plan de actuación require a elaboración e aprobación das correspondentes bases das convocatorias, que deberán ser promovidos polo departamento xestor do gasto.

As Bases Reguladoras e/ou correspondentes convocatorias redactaranse e aprobaranse dentro do segundo semestre do exercicio económico.

## LIÑA 5. PROMOCIÓN ECONÓMICA

### 1. *Área de competencia e sectores destinatarios.*

As actividades a financiar correspóndense con servizos ou actividades de utilidade pública ou interese social que complementan ou suplen as atribuídas á competencia local, de conformidade co disposto nos artigos 25.2. e), g), i) e 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).



Os destinatarios serán asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan as actividades obxecto das subvencións así como pemes e autónomos que desenvolvan a súa actividade no municipio.

## 2. Obxectivos e efectos que se pretenden alcanzar.

Esta liña abarca os seguintes ámbitos de actuación:

- Dotar zonas de aparcamento nas áreas onde se sitúan a maior parte dos establecementos comerciais ao obxecto de facilitar e incentivar as compras no comercio local.
- Contribuír á reactivación do sector comercial, de servizos e hostaleiro do municipio, ao mesmo tempo que se bonifica o consumo dos veciños nos negocios locais, incentivando o consumo nos establecementos comerciais, negocios e locais de hostalería de Cambados para facer fronte á crise xerada polo COVID-19.
- Paliar, en parte, os gastos xerados polos sectores económicos (hostalería, comercio, axencias de viaxes, ximnasia ou similares, sempre que sexan pemes con ata 10 empregados ou autónomos) que viron afectada a súa actividade durante a pandemia, co fin de que os prexudicados por esta situación poidan sufragar parte dos gastos fixos da súa actividade.
- Facilitar, estimular e apoiar a xeración de actividade empresarial, coa finalidade de colaborar dunha forma activa na promoción económica no municipio mediante a concesión de subvencións que promovan o desenvolvemento da actividade empresarial neste municipio.

## 3. Prazo consecución.

Mediante convocatorias públicas de subvencións anuais e convenios anuais (no caso das previstas nominativamente), durante a vixencia do presente Plan.

## 4. Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	LIÑA DE SUBVENCIÓN	CUSTE ANUAL PREVISTO	FINANCIAMIENTO	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN
4300.47900	PROMOCIÓN ECONÓMICA	7.500,00 €	Fondos propios con cargo á aplicación sinalada	Nominativa-Convenio
4300.47901	PROMOCIÓN ECONÓMICA	10.000,00 €	Fondos propios con cargo á aplicación sinalada	Nominativa-Convenio
4330.47900	PROMOCIÓN ECONÓMICA	40.066,60 €	Fondos do Plan de Obras e Servizos da Deputación de Pontevedra (Plan Concellos)	Concurrencia competitiva
4330.48100	PROMOCIÓN ECONÓMICA	5.000,00 €	Fondos propios con cargo á aplicación sinalada	Concurrencia competitiva

## 5. Plan de actuación

O plan de actuación require a elaboración e aprobación das correspondentes bases





das convocatorias, e os correspondentes convenios de colaboración, que deberán ser promovidos polo departamento xestor do gasto.

As Bases Reguladoras e/ou correspondentes convocatorias redactaranse e aprobaranse dentro do segundo semestre do exercicio económico.

## LIÑA 6. VIVENDA E BENESTAR COMUNITARIO

### 1. Área de competencia e sectores destinatarios.

As actividades a financiar correspóndense con servizos ou actividades de utilidade pública ou interese social que complementan ou suplen as atribuídas á competencia local, de conformidade co disposto nos artigos 25.2. a), k) e 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Os destinatarios serán asociacións sen ánimo de lucro e persoas físicas e xurídicas propietarias dun edificio ou vivenda.

### 2. Obxectivos e efectos que se pretenden alcanzar.

Esta liña abarca os seguintes ámbitos de actuación:

- Fomentar a conservación e rehabilitación de edificios e vivendas situadas no ámbito da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Conxunto Histórico- Área de Rehabilitación Integral de Cambados.
- Fomentar a inversión na mellora dos cemiterios de titularidade privada ubicados no termo municipal de Cambados.

Con ambos obxectivos se pretende mellorar a situación e rendemento dos inmobles obxecto das liñas de actuación.

### 3. Prazo consecución.

Mediante convocatorias públicas de subvencións anuais e convenios anuais (no caso das previstas nominativamente), durante a vixencia do presente Plan.

### 4. Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	LIÑA DE SUBVENCIÓN	CUSTE ANUAL PREVISTO	FINANCIAMIENTO	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN
1522.78000	VIVENDA E BENESTAR COMUNITARIO	321.704,70 €	Fondos Estado e Xunta. Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016	Concurrencia competitiva



1640.78901	VIVENDA E BENESTAR COMUNITARIO	25.000,00 €	Fondos propios con cargo á aplicación sinalada	Nominativa-Convenio
------------	--------------------------------	-------------	--	---------------------

### 5. Plan de actuación

O plan de actuación require a elaboración e aprobación das correspondentes bases das convocatorias, e os correspondentes convenios de colaboración, que deberán ser promovidos polo departamento xestor do gasto.

As Bases Reguladoras e/ou correspondentes convocatorias redactaranse e aprobaranse dentro do primeiro semestre do exercicio económico.

## 10. INDICADORES

- Número de solicitudes formuladas.
- Número de subvencións concedidas.
- Número de participantes en cada actuación.
- Porcentaxe de total importes concedidos sobre o crédito orzamentario previsto.
- Porcentaxe de xustificación dos importes recibidos polos beneficiarios sobre os importes concedidos.
- Número de incidencias producidas.

## 11. RÉXIME DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

As Áreas de Goberno xestoras das diferentes liñas de subvención e subvencións, son as responsables do seguimento continuo das mesmas, e para ese efecto emitirán con ocasión da xustificación final das subvencións concedidas, informe sobre o grao de cumprimento dos obxectivos asignados a cada liña de subvención recollida no presente Plan, conforme aos indicadores que para ese efecto e inclúense no Plan. No mesmo recollerán conclusións e propostas de mellora en orde á actualización do presente Plan.

## 12. ACTUALIZACIÓN ANUAL

Sobre a base dos informes de seguimento emitidos polas Áreas de Goberno xestoras, e as disponibilidades orzamentarias consignadas nos Orzamentos desta Entidade Local, procederase a actualizar anualmente o contido do Plan.

## 13. CONSECUENCIAS DO SEU INCUMPRIMENTO

Se como resultado dos informes de seguimento emitidos polas Áreas de Goberno xestoras, existen liñas de subvencións que non alcanzan o nivel de consecución de





obxectivos desexado, ou o que resulta adecuado ao nivel de recursos investidos, poderán ser modificadas ou substituídas por outras máis eficaces e eficientes ou, no seu caso, poderán ser eliminadas.

#### 14. TRANSPARENCIA

Conforme ao art. 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o presente plan será obxecto de publicación no Portal de Transparencia desta Entidade Local.

*Documento asinado electronicamente á marxe*

